

*Exposición ao público da liquidación do padrón de usuarios/as dos cursos da Escola Municipal de Muros correspondente ao mes de xuño de 2025*

## **ANUNCIO**

Exposición ao público da liquidación do padrón de usuarios/as dos cursos da Escola Municipal de Muros correspondente a o mes de xuño de 2025.

O Concello de Muros expón ao público as listas de contribuíntes da liquidación do padrón de usuarios dos cursos da Escola Municipal de Muros correspondente a o mes de xuño de 2025 e aprobado na Xunta de Goberno Local ordinaria do 9 de xullo de 2025.

As persoas e entidades interesadas poderán presentar as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas no prazo de 15 días, contados desde a publicación deste anuncio no BOP. De non haberlas, as listas entenderanse aprobadas definitivamente.

As listas cobratorias foron elaboradas polo Concello de Muros e están a disposición das persoas interesadas na casa do Concello de Muros, Curro da Praza núm. 1, de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.

Este anuncio serve de notificación colectiva a todos os contribuíntes consonte o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e de anuncio de cobranza consonte o artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (Rd 939/2005, do 29 de xullo).

Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos/as contribuíntes.

Contra a aprobación definitiva das listas das anteditas liquidacións municipais, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso administrativo, perante a Xunta de Goberno Local do Concello durante o prazo dun mes que se contará desde que remate o prazo desta exposición ao público (artigo 14 da Lei reguladora das facendas locais (Rd 2/2004, do 5 de novembro).

Muros, 14 de xullo de 2025

María Lago Lestón  
Alcaldesa do Concello de Muros